



# CAMPIONATO GALEGO DE ORIENTACIÓN-BTT

## "I PonteOriBike 2012"

**Organiza:**

[Club MONTAÑEIROS DE PONTEVEDRA-A ROELO](#)

**Data:** Domingo, 11 de novembro

**Hora inicio:** 09,00 H. Apertura de recepción.

Entrega de tarxetas SI

10,00 H. saída dos primeiros corredores

13,30 H. Entrega de trofeos ás categorías oficiais

**Mapa:** A ESCUSA -nº rexistro FEDO: 129-91 (POIO-MEIS).

Escalas: 1/15000 para os percorridos oficiais e ini. longa

1/10000 para o percorrido de iniciación curta

Equidistancia: 5m


O mapa foi adaptado ás normas IOF de O-BM a partires do mapa existente de Orientación a pé. O terreo conta cunha ampla rede de camiños e pistas de boa ciclabilidade para os que non se precisa un alto nivel técnico no manexo da bicicleta todo terreo, agás nalgúns carreiros estreitos onde a ciclabilidade é difícil e nos que abundará con ir amodiño.

**Zona de concentración:** CAMPO DE GOLF MEIS

**Cómo chegar:** Dende a Autoestrada (AP-9), coller a saída 129 (Pontevedra Norte-Poio). Continuar dirección Vilagarcía pola estrada C-531. Na 2ª rotonda coller a 2ª saída (VG-4.8 Poio-Sanxenxo). Na primeira rotonda coller a 1ª saída (A Escusa) e seguir esta vía ata a ZONA DE CONCENTRACIÓN.

<https://maps.google.es/maps/ms?msid=206037254215303721666.0004a4fc94cfff333a02e&msa=0&ll=42.474376,-8.697481&spn=0.053115,0.07184>

Estará sinalizado dende a saída da (AP-9)



### **Percorridos:**

Tódo-los **federados** en orientación a pé ou raid poden competir como federados en Ori-BTT coa mesma licenza nas categorías **júnior, senior e veteranos** atendendo ós marxes de idades para cada categoría.

O percorrido da categoría de **iniciación longa** será esixente físicamente (pensado para deportistas aficionados á BTT).

PERC.	CATEGORÍAS	NACEMENTO
P.1	INICIACIÓN CURTA	
P.2	INICIACIÓN LONGA	
P.3	JÚNIOR FEMININO	1992 OU POSTERIOR
P.4	JÚNIOR MASCULINO	1992 OU POSTERIOR
P.5	SENIOR MASCULINO	
P.6	SENIOR FEMININO	
P.7	VETERANO FEM.	1972 OU ANTERIOR
P.8	VETERANO MASC	1972 OU ANTERIOR

Os campións galegos haberán de ser federados FEDO e pertencer a un club galego.

Perc.	Categoría	Dist.(km)	Desnivel (m)	Controis
P.1	Ini curta	2,6	70	7
P.2	Ini longa	8,9	495	12
P.3	Junior fem	7,8	355	12
P.4	Junior masc	10,7	490	14
P.5	Senior fem	10,0	515	14
P.6	Senior masc	14,1	770	17
P.7	Veterans fem	7,6	380	11
P.8	Veterans masc	10,4	495	13

É importante ter en conta que as distancias son medidas en reducida. A distancia real incrementarase bastante máis que na orientación a pé dado que non se poderá saír dos camiños.

**Inscripcións:** Ata as 22,00h. do martes 6 de novembro.

**¡ATENCIÓN!** Control de tempos electrónico por sistema SportIdent. Obligatoria tarxeta SportIdent para tódalas categorías. Asignarase automaticamente unha tarxeta SportIdent en aluguer a quen non indique o nº de tarxeta nos datos da inscrición. Precio aluguer: 3€ (a pagar xunto coa inscrición). A perda da tarxeta conleva o pago do seu prezo: 30€

#### CLUBS:

A través de <http://agaco.es/intranet>

Enviar o xustificante de ingreso na conta nº 2080 5403 40 3040118709 de NCG Banco (Código IBAN ES0820805403403040118709) a: [aroelo@hotmail.com](mailto:aroelo@hotmail.com)

No concepto do ingreso poñer: OriBTT (máis o nome do club)

Aqueles clubs que precisen factura, non esquezan enviar os seus datos fiscais.

## INDEPENDENTES:

### Opción 1 - A través da intranet de AGaCO

Rexistrarse como usuario en <http://agaco.es/intranet> e inscribirse na sección EVENTOS: I PonteOriBike - Campionato Galego de Ori-BTT 2012

Enviar o xustificante de ingreso na conta nº 2080 5403 40 3040118709 de NCG Banco (Código IBAN ES0820805403403040118709) a: [aroelo@hotmail.com](mailto:aroelo@hotmail.com)

No concepto do ingreso poñer: OriBTT (máis o nome)

## INDEPENDENTES:

### Opción 2 - Por correo electrónico

Enviar a [aroelo@hotmail.com](mailto:aroelo@hotmail.com):

Nome e apelidos  
DNI  
Percorrido (Iniciación ou Oficial)  
Data de nacemento  
Nº tarxeta SportIdent  
Teléfono de contacto  
Xustificante do ingreso da cantidade correspondente na conta nº 2080 5403 40 3040118709 de NCG Banco indicando no concepto:  
OriBTT (máis o nome).

## PREZOS DAS INSCRICIÓNS:

Federados : 3 €  
Iniciación Curta, sen licenza federativa : 5 €  
Iniciación Longa, sen licenza federativa : 6 €  
Percorrido Oficial, sen licenza federativa : 8 €\*

\*Os corredores non federados non se poden inscribir en percorridos oficiais, só os clubs, e baixo a súa responsabilidade, poden inscribir a corredores non federados en percorridos oficiais, o cal non implica que se inclúan no ranking do Campionato Galego. Participarán fora de concurso.

## Listados cos horarios de saída:

En <http://agaco.es> a partir do xoves 8

## OBSERVACIÓNS, E RECOMENDACIÓNS:

- É recomendable levar un soporte para o mapa sobre o manillar da bicicleta.
- É recomendable levar outra muda e roupa de abrigo.
- Nesta época do ano a zona é frecuentada por cazadores. Non debemos separarnos dos camiños e debemos evitar meternos no seu radio de acción.
- A competición basease no respecto:
  - + Á natureza
  - + Aos cultivos e propiedades privadas
  - + Ós outros competidores
  - + Ás indicacións do persoal da organización
  - + É moi importante ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.

ENTIDADES COLABORADORAS:



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



PANADERIA - PASTELERIA



O NOSO ESPECIAL AGRADECIMENTO ÓS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MEIS E POIO, QUE CO SEU APOIO FAN POSIBLE QUE TODOS AFICIONADOS Á ORIENTACIÓN PODAMOS DISFRUTAR DESTE EVENTO.

[www.concellopontevedra.es](http://www.concellopontevedra.es)